

A **Candeloria** é unha festa relixiosa que se celebra o día 2 de febreiro. Consiste na bendición das candeas que despois serían utilizadas na celebración da Semana Santa (máis exactamente o Xoves Santo). Pero en Galicia ademais era considerada a data coma un preludio da chegada da primavera e con ela o renacer da natureza.

Diciáse que era a época do *casamento dos paxaros* e para os mariñeiros tamén era o comezo da navegación despois da longa espera no período invernal, no cal a maior parte das embarcacións non saían dos portos.

Pero a orixe desta festa, coma a doutras moitas celebracións cristiás, é pagá. Era a antiga **“FESTA DA LUZ”**, celebrada polos celtas e tamén polos romanos.

Considerábase o remate do inverno, servía para preparalo camiño para o retorno da primavera e do sol. En Galicia era moi celebrada no ámbito agrario, se celebraba o “casamento dos paxariños” .

A CANDELORIA

*Na catedral do abrente
hoxe casan os paxaros,
con nubes de neve e ouro
está o ceo engalanado.*

Luís Amado Carballo

REFRÁNS

“A partir da Candeloria, ningunha ave voa soa”

“Se a Candeloria chora, o inverno vai fóra; se ri, o inverno está por vir”

“Se a Candeloria chora, medio inverno vai fora. Que chore, que deixe de chorar, medio inverno está por pasar”



O cuco

*O cuco, cuco, cuqueiro
o cuco, cuco, cucón.
Madrugón e cantareiro
cantareiro e madrugón.*

*Oise pola carballeira
ó vello cuco souril
ó nacer a primaveira
antre o Marzo i o Abril.*

*O cuco, cuco, cuqueiro
o cuco, cuco, cucón.
Madrugón e cantareiro
cantareiro e madrugón.*

*¡O vello cuco cucou
e moito máis cucará!
¡O cuco non me capou
e nunca me capará!*


*O cuco, cuco, cuqueiro
o cuco, cuco, cucón.
Madrugón e cantareiro
cantareiro e madrugón.*

*Polas mañás ben cediño
o cuco canta: cu- cu.
¡Como o teño por veciño
eu trato o cuco de tu!*

Terra Chá

- Recita o poema tras lelo en voz baixa varias veces o poema.
- Atopa as palabras que están en galego non normativo. Como sería a forma correcta en cada caso?
- Procura no dicionario as palabras que non coñezas.
- Canta a canción coa axuda dun karaoke <https://www.youtube.com/watch?v=ChSq1oi884k>
- Contesta ás seguintes preguntas:
 - Título do poema
 - Cantos versos ten? Cantas estrofas ten?
 - Indica a métrica e a rima da primeira estrofa.
 - Que tipo de estrofas son?
 - Que recurso literario atopamos nos dous primeiros versos do poema? En que consiste?

No libro do mesmo autor “*Os soños na gaiola*” aparece outro poema ao mesmo paxaro. Cópioo e fai a ilustración.



- Recítao en voz alta.
- Por que lle chama *preguiceiro* o autor?
- Que sinónimo de preguiceiro aparece na 3ª estrofa?
- Sabes a que se refire o autor co que di no terceiro e cuarto versos? Procura información na web (galipedia).

-De que ave fala Manuel María nestes versos? Escribe o nome debaixo dos versos. Busca a información no libro “Os soños na gaiola”.

*Ten tres ovos moi pequenos.
Ten tres ovos nada máis.*

*je come a carniza
que non cheira ben!*

*¡Sempre anda pía, pía,
sen dicir unha canción!*

*¡Mais mouro que a noite
o seu berro torvo!*

*Se non oio o teu cantar
estou tristeiro, moi soio.*

*—¡Non hai pío, pío,
non hai pío, pon,
que no alto ceo,
voa o miñatón!*


*Desleixado e preguiceiro,
tan só pensas en folgar.*

*¡Voan en liña seguida,
en picado e en redondo!*

*¡Cando cante no poleiro
téñenlle que obedecer...!*

*¡coa inchente que colleu
ten rebentado o peteiro!*

*¡que fai o niño
semellante a unha pelota!*

Eu teño un  galeiro,
 boa  e bo .
 O meu  é fachendoso,
 arriscado e pelexón.


Copia o poema, trocando os debuxos por palabras.

Completa o poema coas palabras do saco. Ten en conta a rima.




Eu teño un galeiro
 que me esperta ao
 ¡Cando canta no
 téñenlle que!

Ponlle o nome ás partes sinaladas:
crista, peteiro, cola, pata, á.



Debúxalle os esporón
ao galo de arriba.

Ponlle o nome ás partes sinaladas:
crista, peteiro, cola, pata, á.




Debúxalle os esporón
ao galo de arriba.

Le o poema “O galo (Terra Chá). Cambia as palabras subliñadas por debuxos:

O galo

Espertas ás estrelas



co teu quiquiriquí.

Tes plumas amarelas

coas que presumes ti.

¡Eres un gran señor,

orgullosa, se diñeiro!

¡Meu galo galeador!

¡Fachenda do galiñeiro!

